
Frangula alnus Mill., 1768

sanguiño
arraclán, hediondo, biondo
oilakarana, ollaran, txoriegur, zumalakar, zumalakarra.
fràngula
alder buckthorn
Frângula, sangarinheiro



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX | ES | CR | EP | VU | CA | **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Rosales**	**Rhamnaceae**	***Frangula***

ORIXE

Orixinaria de Europa, Asia occidental e o norte de África.

CARACTERÍSTICAS

Arbusto ou arboriña moi ramificada, que pode acadar entre 1 e 10 metros de altura. A codia é lisa e avermellada nos exemplares novos, volvéndose agrisada coa idade. Ao resgarse, pode desprender un cheiro desagradable. As follas son simples, alternas, ovaladas, de cor verde escura e brillante pola face, con 6 a 8 pares de veas laterais paralelas. As flores son pequenas, verdosas ou amareladas, pouco vistosas, dispostas en fascículos axilares. Os froitos son drupas esféricas que cambian de cor ao maduraren: primeiro verdes, logo vermellas e finalmente negras e brillantes.

HÁBITAT

Bosques húmidos, ribeiras de ríos e regatos, claros e orlas de carballeiras en zonas de montaña. Prefire solos neutros ou ácidos e ambientes con elevada humidade atmosférica.

DISTRIBUCIÓN

Rexións temperadas de Europa, Asia e o norte de África. Tamén foi naturalizada en América do Norte.

CURIOSIDADES

É un arbusto coñecido pola súa codia, empregada en herboristería polas súas propiedades laxantes, e pola toxicidade dos seus froitos inmaduros para as persoas e mascotas.